



(SECRETARÍA)
EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA
PONTEVEDRA

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DESTA CONCELLO O 3 DE XULLO DE 2014
--

LUGAR: CASA CONSISTORIAL DO EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA

TIPO DE SESIÓN: ORDINARIA CONVOCATORIA: PRIMEIRA
--

SEÑORES/AS ASISTENTES:

GRUPO P.P.

D. JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS
Alcalde-Presidente
D. ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO
Concelleiro
DNA. AMALIA GOLDAR CORA
Concelleira
D. MIGUEL OSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA
Concelleiro
D. MARÍA ÁNGELES PAIS CARBIA
Concelleira
D. JUAN MANUEL CONSTENLA CARBÓN
Concelleiro
D. JOSÉ ISMAEL PENA VILLAMOR
Concelleiro
DNA. MARÍA DEL CARMEN DURÁN LEA
Concelleira
D. NEMESIO IGNACIO REY PAZOS
Concelleiro
DNA. LUCÍA SEOANE ROSENDE
Concelleira
D. OSCAR ALEJANDRO DURÁN BARROS
Concelleiro

GRUPO PsdeG-PSOE

D. JOSÉ ANTONIO DONO LÓPEZ
Concelleiro
DNA. BELÉN LOUZA O VIEITES
Concelleira
D. MANUEL OTERO ESPINO
Concelleiro
D. MANUEL SANMARTÍN OBELLEIRO
Concelleiro
DNA. M^a MONTSERRAT MACEIRAS VICENTE
Concelleira
DNA. MÓNICA MAGARIÑOS COBAS

Concelleira
DNA. ANA ASOREY BREA
Concelleira
D. GERMÁN GONZÁLEZ RODRÍGUEZ
Concelleiro
D. JOSÉ ANTONIO DURO DE LA FUETE
Concelleiro

SECRETARIA EN FUNCIONES

DNA. M^a JESUSA FERNÁNDEZ BASCUAS

INTERVENTOR ACCIDENTAL

D. LUIS M. LOZANO LORENZO

Na Casa do Concello, sendo as vinte horas e trinta minutos do día tres de xullo dous mil catorce, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. José C. López Campos, reúnese no Salón de Sesiões o Pleno da Corporación Municipal, co obxecto de celebrar sesión ordinaria, constituíndose coa asistencia dos Señores arriba nomeados, dando fe do acto a Secretaria en funcións.

A sesión celébrase previa convocatoria ao efecto dándose publicidade da mesma mediante a inserción dun exemplar da convocatoria e Orde do Día no Taboleiro de Anuncios e páxina web deste Concello.

Declarada aberta a sesión, polo Sr. Alcalde dáse comezo á mesma conforme á seguinte:

ORDE DO DÍA

A) PARTE RESOLUTORIA

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O 5 DE XUÑO DE 2014.

2º.- CAMBIO DE FINALIDADE DE DOUS PRÉSTAMOS.

3º.- EXPEDIENTE DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO E SUPLEMENTO DE CRÉDITO N° 1/R/2014 (MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA N° 25/2014).

4º.- EXPEDIENTE N° 1/2014 DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS.

5º.- EXPEDIENTE N° 2/2014 DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS.

6º.- ADHESIÓN AO INFORME SOBRE A REFORMA DA LOPX E A SÚA INCIDENCIA NA PLANTA E DEMARCACIÓN XUDICIAL ELABORADO POLO ILUSTRE COLEXIO DE AVOGADOS DE PONTEVEDRA.

B) PARTE DE CONTROL DA XESTIÓN

7º.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 2 E O 30 DE MAIO DE 2014.

8º.- ROGOS E PREGUNTAS.

A) PARTE RESOLUTORIA

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN PLENARIA CELEBRADA O 5 DE XUÑO DE 2014.

Sr. Alcalde: Benvidos a sesión do Pleno correspondente ao mes de xullo. O primeiro punto é a aprobación, se procede, da Acta correspondente á sesión ordinaria celebrada o 5 de xuño de 2014. Non sei se hai algunha cuestión, algunha alegación á acta? Pois aprobámola por unanimidade.

Sometido o asunto a votación, o Concello Pleno **ACORDA**, por unanimidade:

Aprobar a acta da sesión plenaria celebrada o día 5 de xuño de 2014, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo dispón o artigo 110.2 do ROF.

2º.- CAMBIO DE FINALIDADE DE DOUS PRÉSTAMOS.

Sr. Alcalde: O segundo punto é o cambio de finalidade de dous préstamos. Se lles parece aos voceiros, tanto o punto dous como o punto tres están unidos, aínda que os votemos de forma separada. Se lles parece ben podemos facer o debate de forma conxunta aínda que a votación sexa de forma separada, digamos que o punto tres ven a colación do punto dous, así que se lles parece unimos o debate e votamos por separado. Ten a palabra para este punto dous, o cambio de finalidade de dous préstamos o Concelleiro de Facenda.

Sr. Blanco Carracedo: Boas tardes. No primeiro expediente trátase dunha modificación na finalidade de dous préstamos polo importe de 148.500 euros destinándoos a unha financiación dun aumento de obra, investimento que se sinala de seguido, que aparece aí detallado e que será obxecto de tramitación mediante concesión de suplemento de crédito que sería o seguinte punto da Orde do Día, onde se suplementa un crédito pendente de amortización de préstamo de longo prazo do Banco Bilbao Vizcaya por importe de 35.317,96 euros e unha inversión de reposición de edificios de 148.500 euros. Total de suplemento de crédito 183.817,96 euros.

Sr. Alcalde: Moi ben. Algunha cuestión?. Ten a palabra Sra. Louzao.

Sra. Louzao Vieites: Ben, en efecto, se nos plantexa aquí, utilizando unha modalidade legal que é de suplemento de crédito, a posibilidade de incrementar, tal e como dicía o portavoz do Partido Popular, en 148.500 euros a obra do proxecto Novo Mercado da praza de abastos. Se di, nos expedientes que estamos a debatir agora mesmo, que este suplemento de crédito acaae a razón dun incremento na obra producida no proxecto de rehabilitación, de edificación do Novo Mercado. Sen embargo, en ningún lado se nos detalla, se nos di, e a solicitamos e non se nos dou esta información, cales son eses aumentos de obra que xustifican ese suplemento de crédito. É máis, o único que se di, nun dos informes que se citan sucintamente, é a necesidade determinada pola urxencia da recepción da obra, cando levamos tres anos executando unha obra e non somos capaces de facelo, parece, dende logo, que agora falar dun aumento de obra e de xustificalo na urxencia é un pouco cando menos, contradictorio. Por iso, reclamando o que xa fixemos, que se nos especifique cal é ese aumento de obra ou se nos xustifique, se motive adecuadamente ese suplemento de crédito, manifestamos que non vamos a apoiar este expediente. Grazas.

Sr. Alcalde: Moi ben. Moitas grazas Sra. Louzao. Ten a palabra Sr. Magariños.

Sr. Magariños Maceiras: Non se di neste expediente, non aparece por ningún lado, a que vai dirixido estes case 150.000 euros para o Novo Mercado, que levamos tres anos case de obras paradas e agora a urxencia non se ve moito. Con respecto ao que sería o cambio na finalidade dos préstamos, é unha pena que un dos apartados ao que estaba destinado e ao que se recorre este diñeiro é a sinalización do rural. Que quedara sen facer parecenos grave dada a situación na que se atopan moitas das pistas do noso rural que carecen da mais mínima sinalización.

Despois, con respecto ao punto tres, onde o expediente de crédito extraordinario de suplemento de crédito, onde o informe de Intervención di que é necesario un plan económico financeiro dado que se incumple o principio de estabilidade orzamentaria, gustaríanos ter este plan para coñecelo realmente. E como non estiven presente na Comisión, mostro agora que non vou apoiar estes puntos.

Sr. Alcalde: Moi ben Sr. Magariños. Ten a palabra o Sr. Alberto Blanco, o Concelleiro de Facenda.

Sr. Blanco Carracedo: Estamos falando dunha obra que vai máis alá da plaza de abastos. Hai que recordar que é un futuro centro de día, unha ludoteca, un punto de encontro intergeneracional, e os expedientes que estamos a tratar debese á posibilidade legal de solicitud dunha liquidación final de obra, proceder á provisión mediante o suplemento de crédito proposto a partir doutras aplicacións financiadas con préstamo. Estamos ante unha provisión que se fai ante o que sería a posibilidade legal que se da por aumento de obra.

Sr. Alcalde: Ben Sr. Blanco. Algunha outra intervención? Pois creo que queda suficientemente clara a cuestión orzamentaria.

Creo que o que están preguntando vostedes é a que se deben os incrementos da obra é si nos orzamentos levamos previsto unha cantidade de orzamento e piden vostedes o proxecto vinculado a esa cantidade de investimento. Esta é unha previsión orzamentaria. Polo tanto é imposible que esa previsión orzamentaria, deberían de ter un pouco máis de coñecemento en materia de orzamento, teña que ter un soporte documental, un soporte instrumental nun proxecto. Deberían coñecer vostedes, que algo saben de orzamentos, de que isto é unha modificación orzamentaria e que, polo tanto, non hai que recoller ningunha partida, ningún proxecto nin ningunha referencia ás modificacións. Recóllese, como ben comentaba o Concelleiro de Facenda, provisionarse esta cantidade porque legalmente así o esixe a Lei de Contratos e pola posibilidade de que a empresa poida presentar unha liquidación. Saben vostedes que xa ten presentado o final de obra, que se están facendo as revisións do propio proxecto, que está practicamente rematado, e nestes días os técnicos municipais están facendo a inspección da propia infraestrutura para ver que todo este e todo se adecúe ao proxecto e á obra que estaba comprometida e, a partir de aí, recepcionarase a obra, e, como saben ademais vostedes, a empresa ten a posibilidade solicitar unha liquidación e o Concello ten obrigación, polo menos, de telo consignado orzamentariamente, despois xa veremos si lle corresponde ou non lle corresponde, pero orzamentariamente ten que estar previsto e isto é un dos motivos polos que vai aquí. Unha cousa é querer votar en contra porque lles apetece votar en contra e outra cousa é xustificalo en cousas que non teñen xustificación algunha, se se ten un mínimo coñecemento de como é a dinámica presupuestaria, que o deberían de ter. Así que o que estamos facendo aquí é facer unha modificación do orzamento en curso para poder previr e cumprir

con certas reclamacións a futuro. Polo tanto os orzamentos deben de ter esa previsión que despois se executará ou non en función dos acontecementos que pasen de aquí a finalización desa obra.

Quere intervir Sr. Dono? Vale, pois entonces procedemos a votar esta cuestión.

Sometido o asunto a votación, o Concello Pleno adopta, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

Vista a urxencia da aprobación de aumentos de obra no proxecto “*Rehabilitación de edificio baixo e dúas plantas para Novo Mercado, Centro de Día e Ludoteca*” para efectos da súa recepción e xustificación ante as correspondentes Administracións Públicas financiadoras (FEDER e Xunta de Galicia).

Visto que se produciron desistimentos na execución do gasto nas seguintes aplicacións, financiadas cos préstamos e polos importes sinalados en cada caso:

APLICACIÓN	DESCRIPCIÓN	IMPORTES / €		
		TOTAL INVESTIMENTO	CAMBIO DESTINO CAIXABAK, S.A. “LA CAIXA” 2013 (1)	CAMBIO DESTINO CAIXANOVA, 2005 (2)
450.0.610.23.02	INVERSIÓN DE REPOSICIÓN. MATERIAL DE SINALIZACIÓN VÍAS RURAIS	150.000,00	142.500,00	
232.2.622.25.00	INVEST. NOVO.EDIFICIOS. ADECUACIÓN DE LOCAIS. VOLUNTARIADO	6.000,00		6.000,00

(1) Contrato de préstamo concertado o 25 de xuño de 2013 con CAIXABAK, S.A. ,“LA CAIXA”, (nº de referencia: 9620-312-738712-95), por importe de 550.000,00 euros.

(2) Contrato de préstamo concertado o 24 de agosto de 2005 con CAIXANOVA, (nº de referencia: 0031.0540168840; nova numeración: 0031 0540171086), por importe de 682.910,12 euros.

Visto o expediente de modificación de finalidade de préstamos, no que constan:

- Vista a Providencia da Alcaldía de data 17-06-2014.
- Vista a proposta de 17-06-2014 da Alcaldía-Presidencia.
- Visto o informa da Intervención municipal de data 17-06-2014.

Visto o Ditame pola Comisión Informativa de Facenda e Especial de Contas, adoptado en sesión do 23-06-2014.

ACORDAMOS:

Apróbanse as seguintes modificación de finalidades dos préstamos que se relacionan:

- Novos investimentos, a dotar:

APLICACIÓN	DESCRIPCIÓN	IMPORTE / €	RECURSO AFECTADO / €
151.623.01	INV. REPOSIC. EDIFICIOS E OTRAS CONSTRUCCIÓN. PROXECTO NOVO MERCADO (PRAZA DE ABASTOS)	148.500,00	PRÉSTAMO 2013 CAIXABANK , "LA CAIXA" 142.500,00
			PRÉSTAMO 2005 CAIXANOVA (NOVA GALICIA BANCO) 6.000,00
TOTAL.....		148.500,00	148.500,00

- Investimentos substituídos polos anteriores:

APLICACIÓN	DESCRIPCIÓN	TOTAL DESISTIMENTO / €
450.0.610.23.02	INVERSIÓN DE REPOSICIÓN. MATERIAL DE SINALIZACIÓN VÍAS RURAIS	142.500,00
232.2.622.25.00	INVEST. NOVO EDIFICIOS. ADECUACIÓN DE LOCAIS. VOLUNTARIADO	6.000,00
TOTAL.....		148.500,00

3º.- EXPEDIENTE DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO E SUPLEMENTO DE CRÉDITO Nº 1/R/2014 (MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA Nº 25/2014).

Sometido o asunto a votación, o Concello Pleno adopta, por unanimidade, o seguinte **ACORDO:**

Vista a incoación do expediente de suplemento de crédito número 1/R/2014 financiado con remanente líquido de tesourería e baixas de crédito; ante a urxente e inaprazable

necesidade de amortizar débeda por importe do superávit resultante da liquidación do orzamento de 2013 (L.O. 9/2013 de Control da Débeda Comercial no Sector Público que modifica a Lei Orgánica 2/2012, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira) e de facer fronte aos aumentos de obra producidos no proxecto de “Rehabilitación de edificio baixo e dúas plantas para Novo Mercado, Centro de Día e Ludoteca” para a súa recepción e xustificación ante as correspondentes Administracións financiadoras do proxecto (FEDER e Xunta de Galicia).

Visto o nomeado expediente, no que constan:

- Providencia da Alcaldía de data 17-06-2014.
- Memoria da Alcaldía-Presidencia, xustificativa das modificacións orzamentarias incluídas neste expediente, asinada con data 17-06-2014.
- Proposta da Alcaldía de 17-06-2014.
- Certificado de insuficiencia de crédito de 17-06-2014.
- Certificado de Intervención sobre as aplicacións do Orzamento vixente non comprometida, de 17-06-2014
- Acreditación de existencia de remanente de Tesourería para gastos xerais, de data 17-06-2014.
- Informe emitido con data 17-06-2014 pola Intervención municipal.

Visto o informe de Intervención de data 17-xuño-2014, incorporado ao expediente.

Visto o Ditame pola Comisión Informativa de Facenda e Especial de Contas, adoptado en sesión do 23-06-2014.

E de conformidade co disposto nos artigos 177 e seguintes do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo R.D. Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo; nos artigos 34 a 38 e 49 a 51 do R. Decreto 500/1990, do 20 de abril, e na demais normativa aplicable,

ACORDAMOS:

Primeiro.- Apróbase o expediente de suplemento de crédito número 1/R/2014 (modificación orzamentaria número 25/2014) con cargo a remanente líquido de tesourería e baixas de crédito noutras aplicacións financiadas con préstamos unha vez aprobados os oportunos cambios de destino, de acordo co seguinte detalle:

I. GASTOS: APLICACIÓNS ÁS QUE SE DOTA DE SUPLEMENTOS DE CRÉDITO:

APLICACIÓN	SUPLEMENTO DE CRÉDITO		CAMBIO DESTINO CAIXABAK, S.A. “LA CAIXA” 2013	CAMBIO DESTINO CAIXANOVA, 2005	R.L.T.
	DESCRIPCIÓN	IMPORTE			
011.913.13	AMORTIZACIÓN PRÉSTAMO LONGO PRAZO B.B.V.A. 2009 Nº REF.: 0182-6246-895-46065641	35.317,96			35.317,96
151.623.01	INV. REPOSIC. EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUCCIÓNS. PROXECTO NOVO MERCADO (PRAZA DE ABASTOS)	148.500,0 0	142.500,00	6.000,00	
TOTAL SUPLEMENTO DE CRÉDITO.....		183.817,9 6	142.500,00	6.000,00	35.317,96

II. FINANCIAMENTO: REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA E BAIXAS DE CRÉDITO NAS SEGUINTE APLICACIÓNES.:

CONCEPTO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
870 00	REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS	35.317,96€
TOTAL REMANENTE TESOURERÍA GASTOS XERAIS.....		35.317,96€

BAIXAS DE CRÉDITO			CAMBIO DESTINO	CAMBIO DESTINO
APLICACIÓN	DESCRIPCIÓN	TOTAL BAIAS DE CRÉDITO	CAIXABAK, S.A. "LA CAIXA", 2013	CAIXANOVA, 2005
450.0.610.23.02	INVERSIÓN DE REPOSICIÓN. MATERIAL DE SINALIZACIÓN VÍAS RURAIS	142.500,00	142.500,00	
232.2.622.25.00	INVEST. NOVO EDIFICIOS. ADECUACIÓN DE LOCAIS. VOLUNTARIADO	6.000,00		6.000,00
TOTAL		148.500,00	142.500,00	6.000,00

Segundo.- Este expediente de modificación de crédito que se aproba inicialmente exporase ao público por espazo de quince días hábiles no departamento de Intervención do concello, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación municipal, prazo no que os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno da Corporación, en cumprimento do disposto no artigo 177.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo R. Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 marzo, e no artigo 38.2, en relación co 20.1, do R. Decreto 500/1990, do 20 de abril.

Terceiro.- Este expediente de modificación de créditos considerárase definitivamente aprobado, de conformidade cos artigos citados no apartado anterior, se durante o citado período non se presentaran reclamacións.

4º.- EXPEDIENTE Nº 1/2014 DE RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS.

Sr. Alcalde: Punto número cuarto de recoñecemento extraxudicial de crédito. Para explicar este punto ten a palabra o Sr. Alberto Blanco.

Sr. Blanco Carracedo: Como consecuencia da existencia de gastos procedentes de exercicios anteriores debidamente xustificadas existindo no orzamento en vigor os créditos adecuados e suficientes para acometer estes gastos se propón o pago mediante recoñecemento extraxudicial de crédito dunha serie de facturas, parte correspondentes ao ano 2013, outras por importe correspondente de 21.341,78 euros, facturas cuia entrada foi no ano 2014 por importe de case 160.000 euros, así como asistencias a órganos colexiados e sesións de concelleiros e personal e gastos de locomoción de persoal. As cantidades figuran no expediente.

Sr. Alcalde: Moi ben Sr. Blanco. Moitas grazas. Algunha intervención? Ten a palabra Sr. Magariños.

Sr. Magariños Maceiras: Simplemente unha pregunta, onde está aquela maravillosa forma de pagar da que presumía o goberno? Porque

se esto o fixesen outros gobernos, o partido popular poñería o grito no ceo, non?

Sr. Alcalde: Ten a palabra Sr. Blanco.

Sr. Blanco Carracedo: Penso que debería ser escusado ter que explicar, porque non se poden pagar con cargo ao exercicio anterior facturas de traballo que se levaron a cabo no exercicio anterior entrando no exercicio seguinte. Neste caso ano 2014. Póñolle un exemplo, como é a factura de Telefónica. Penso que iso será insuficiente ter que explicalo. Si, si, si pero estamos falando de exercicios diferentes. Si quere entrar en detalle doutras cousas, pois ...si me permite acabo e se quere facemos unha comisión informativa sobre os puntos...xa sabe o discurso, pois entonces xa sabemos todos como vai o conto.

Sr. Alcalde: Moi ben Sr. Blanco, pois creo que queda suficientemente claro a cuestión orzamentaria. Creo que queda suficientemente explicado que maioritariamente son facturas con rexistro de entrada posterior ao 31 de decembro de 2013, polo tanto non se pode facer con cargo ao orzamento en curso dese exercicio, hai que facelo con cargo a un recoñecemento extraxudicial, cuestión que fixemos, Sr. Magariños lle recordo, no ano 2011 cando pagamos máis de 1.200.000 euros de facturas que deixaron vostedes sen pagar. Ese si que foi un recoñecemento extraxudicial de crédito, e non estes 140.000 euros de facturas... eso chámase realidade Sr. Espiño. Vostedes deixan 1.400.000 euros para pagar este goberno, e nós temos as facturas ao día. Hoxe en día non hai nin un so provedor desta casa ao que se lle deba nin un so céntimo e eso, desde logo, aparte de ser unha boa xestión, que o é, dinamiza e reactiva a economía porque as empresas cando fan un traballo cobran e non votan meses e meses esperando cando gobernaban vostedes a que se lle pagasen as facturas pendentes de cobro, que vostedes non asumían e que polo tanto tivemos que vir nós a asumir, pagando créditos dos pufos que pagaron vostedes. Pero esa é a realidade, e a día de hoxe o Concello da Estrada é un Concello saneado que non tivo que acudir, como a gran maioría dos concellos, a ningunha liña de financiamento nin a ningunha liña de endebedamento, e que estamos pagando aos nosos provedores en tempo e en forma nun prazo medio de 30 días, e o listado de morosidade está a cero. Lle recordo que o seu estaba en case 3 millóns de euros. Esa é a diferenza da xestión entre un goberno e outro e, neste caso, o que vamos a proceder é a facer o pago desas facturas que os provedores de servizos presentaron con posterioridade ao 31 de decembro de 2013, que presentaron en tempo e forma e que, polo tanto, se pagan mediante un recoñecemento extraxudicial, como saben vostedes, que é obligatorio e así se debe de facer.

Así que se non hai ningunha outra cuestión procedemos a votar este punto número cuarto que é o expediente nº 1/2014 de recoñecemento extraxudicial de crédito. Apróbase por maioría.

Sometido o asunto a votación, o Concello Pleno adopta, por unanimidade, o seguinte **ACORDO:**

Vista a incoación do expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos número 1/2014, co obxecto de que o Pleno da Corporación aprrobe unha serie de gastos realizados en exercicios anteriores e non tramitados nas súas anualidades orzamentarias,

Visto o nomeado expediente, no que constan:

- Providencia da Alcaldía de data 17-06-2014.
- Proposta da Alcaldía-Presidencia de 17-06-2014.

Visto o informe de Intervención de data 17 de xuño de 2014, incorporado ao expediente.

Visto o Ditame pola Comisión Informativa de Facenda e Especial de Contas, adoptado en sesión do 23-06-2014.

E, de conformidade co disposto no artigo 60.2 do R. Decreto 500/1990 de 20 de abril,

ACORDAMOS:

Aprobar o expediente número 1/2014 de recoñecemento extraxudicial de créditos, por importe global de 184.513,81 euros, a favor dos acredores e nas contías individualizadas que deseguido se relacionan:

1.- FACTURAS CORRESPONDENTES A GASTOS REALIZADOS EN EJERCICIOS ANTERIORES

REXISTRO 2013

APLICACIÓN	EMPRESA	C.I.F.	DESCRIPCIÓN	Nº FACTURA	DATA	IMPORTE €	R.I
323.0.227.06	FRADES SOC. COOPERATIVA GALEGA	F36415107	SERVIZOS ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DECEMBRO/2013	88	30/12/2013	21.341,68	3739
TOTAL.....						21.341,68	

REXISTRO 2014

APLICACIÓN	EMPRESA	C.I.F.	DESCRIPCIÓN	Nº FACTURA	DATA	IMPORTE €	R.I	IRPF	IVE AUGAS 21%
134.214.00	INTEGRAL MOTOR 3 ESTRADA S.L.L.	B94046257	EQUILABRADO DE RODAS VEHICULO PROTECC. CIVIL	20131066	20/12/2013	24,20	604		
	HIERROS DIEGO, S.L.	B36033330	MATERIAL REPARAC. CAMIÓN PROTECC. CIVIL	600036	07/06/2012	703,61	140		
161.0.227.06	VIAQUA, S.A.U.	A66141185	XESTION DE EDAR E BOMBEO AUGAS RESIDUAIS MES DE DECEMBRO/2013	203-18/14 F	16/01/2014	17.669,87	65		
162.227.07	COGAMI RECICLADO DE GALICIA, S.L.	B15467962	ALUGER E RECOLLIDA DE VOLUMINOSOS PTO. LIMPO DECEMBRO/2013	0101-1301506	31/12/2013	4.625,73	397		
165.221.00	HIDROELECTRICA DE SILLEDA S.L.	B81997439	ALUMADOS PUBLICOS MUNICIPAIS PERIODO NOVEMBRO/DECEMBRO /2013		31/12/2013	11.243,57	44		
	GAS NATURAL SERVICIOS S.D.G., S.A.	A08431090	ALUMADOS PUBLICOS COLEXIO DE OCA E TRAV. BENITO VIGO FACTURAC. NOVEMBRO/2013		10/03/2014	1.369,10	623		
			ALUMADO PUBLICO TRAV. BENITO VIGO FACTURAC. OUTUBRO/2013		07/01/2014	629,05	98		
			ALUMADOS PUBLICOS MUNICIPAIS PERIODO DECEMBRO/2013		16/01/2014	37.140,66	99		691,97
GAS NATURAL SUR S.D.G., S.A.	A65067332	ALUMADOS PUBLICOS MUNICIPAIS PERIODO DECEMBRO/2013		16/01/2014	51.092,12	100		67,70	
171.213.00	AGROSTRADA, S.L.	B36221182	REPARAC. CORTACEPEDE DE PARQUES E XARDINS	1000456	27/12/2013	384,37	19		
230.0.221.05	BEGOÑA BARCALA FUENTES	76.869.598-X	SUBMINISTRO DE FROITAS E VERDURAS FRESCAS PRESTACIÓN MUNICIPAL DE ALIMENTOS	A/66	04/11/2013	209,65	3172 (*)		
231.1.226.12	CONSORCIO GALEGO DE SERVICIOS DE IGUALDADE E BENESTAR	S1500072B	APORTAC. MUNICIPAL PARA O SERVIZO DE XANTAR NA CASA PERIODO OUTUBRO-DECEMBRO/2013	761	31/12/2013	2.855,10	444		
233.227.03	EULEN SERVICIOS SOCIO-SANITARIOS, S.A.	A79022299	SERVIZOS DE TELEASISTENCIA DECEMBRO/2013	2796408	31/12/2013	408,41	17		
312.221.02	REPSOL BUTANO, S.A.	A28076420	COTA DE SERVIZO CENTRO DE SAUDE CODESEDA PERIODO 28/06/13 Ó 27/07/13	91869111	29/07/2013	31,19	8		
320.212.00	Mº DEL PILAR BATAN GARCIA	76.858.742-X	MATERIAL VARIO PARA REPARAC, COLEXIO DO FOXO	12615	31/12/2013	297,44	107		
	FORM. E INV. EN	B94004991	MATERIAL VARIO PARA	A/66	23/09/2013	71,46	143		

	TÉCNI-CAS DECORATIVAS, S.L.		REPARAC. C.E.I.P. VILLAR PARAMA							
320.221.99	DISANFA, S.L.	B36392850	SUBMINISTRO DE AUGA PARA CONSUMO HUMANO NO COLEXIO VILLAR PARAMA	130033924	21/11/2013	36,30	497			
				130028069	27/09/2013	43,56	498			
				130030177	17/10/2013	36,30	499			
	M ^o DEL PILAR BATAN GARCÍA	76.858.742-X	MATERIAL VARIO PARA COLEXIO DE OCA	12617	31/12/2013	36,28	214			
320.623.00	AGROSTRADA, S.L.	B36221182	COMPRESOR PARA O COLEXIO DE OCA	169,4	27/12/2013	169,40	18			
330.203.00	POLBERIA ALFONSIN, S.L.	B94088085	ALUGER DE CARPA PARA UNHA ACTIVIDADE NA PARROQUIA DE ARCA-CULTURA	4/2014	22/01/2014	300,00	88			
330.212.00	IVÁN LORENZO RODRIGUEZ	35.473.586-L	REARAC. NO LOCAL SOCIAL DE ARNOIS-OCA	11	02/12/2013	1.403,60	238			
330.226.01	RESTAURANTE GRAN VIA, S.C.	J-94025996	CEAS E DESAYUNOS NA CASA DE TURISMO RURAL "ACTIVIDADE CULTURAL"	8/F/001	03/02/2014	910,00	661			
	SAMANA HOSTELERIA, S.L.	B94089000	PINCHOS OS COROS PARROQUIAIS	C-1	07/01/2014	2.000,00	664			
330.226.02	RADIO POPULAR, S.A.	A-28281368	CAPAÑA PUBLICITARIA CONCERTO "LA HABITACIÓN ROJA"	042-02-00785	31/12/2013	121,00	379			
330.226.12	LUIS FRAGIO RODRIGUEZ	76.857.045-S	MONTAR FOCOS ILUMINACION "PAPANUEL/2013"	2612	24/02/2014	60,50	417			
330.227.06	ROSA HERRAIZ CABANAS	76.866.883-D	DESEÑOS PARA CICLO DE TEATRO INFANTIL "OLORIN COLORADO. NADAL 2013"	14/03	20/03/2014	193,60	840	33,6		
340.227.06	Y TÚ QUE HACES, S.L.	B-97986996	CLASES SALVAMENTO ACUÁTICO NOVEMBRO-DECEMBRO/2013	3	31/01/2014	955,90	643			
	CLUB CICLISTA ESTRADENSE-HIERROS DIEGO	G36235935	CLASES DEPORTIVAS CICLISMO OUTUBRO/2013	7	05/11/2013	150,00	875			
			CLASES DEPORTIVAS CICLISMO NOVEMBRO/2013	8	05/12/2013	150,00	876			
			CLASES DEPORTIVAS CICLISMO DECEMBRO/2013	9	05/01/2014	150,00	878			
431.221.99	TVMAC, S.L.	B-36156768	OUTROS SUBMINISTROS PRAZA DE ABASTOS	2012/1204	20/12/2013	49,01	48			
432.226.02	LEREZ EDICIONES, S.L.	B36003549	GUIA PUBLICITARIA DE TURISMO/2013	11306-320	30/06/2013	719,95	46			
450.0.210.00	JOSE JAVIER SOBRINO VALLADARES	44.091.680-J	SACOS DE CEMENTO E LADRILLOS PARA VIAS PUBLICAS	84/2013	31/12/2013	16,10	28			
450.0.203.00	ALQUICUNTIS, S.L.	J-36426864	ALUGUER DE MAQUINA PARA VIAS PUBLICAS	168	29/11/2013	108,90	104			
450.0.213.00	TALLERES DURAN SEIJAS, S.L.	B36231447	REPRAC. EN TRACTOR DE VIAS PUBLICAS	2604	30/04/2013	387,78	32			
450.0..221.99	M ^o DEL PILAR BATAN GARCIA	76.858.742-X	MATERIAL VARIO PARA VIAS PUBLICAS	12616	31/12/2013	5,89	109			
912.214.00	SUPERVISION Y CONTROL, S.A.	A15117609	I.T.V. VEHICULO ALCALDIA	159913000002263	31/12/2013	47,10	21			
912.220.01	LEREZ EDICIONES, S.L.	B36003549	DIARIO DE PONTEVEDRA ALCALDIA PERIODO 01/01/12 Ó 31/12/12	31201 - 488	01/01/2012	359,00	45			
912.623.00	ZAPPING TV-TIEN 21	B36430932	DESHUMIDIFICADOR C.S. VEA	39254/2013	03/12/2013	129,00	186			
920.0.220.00	XOAN MANUEL ASTORGA HERMIDA	52.471.626-R	MATERIAL DE OFICINA PARA O CONCELLO	851	17/03/2014	11,65	668			
920.0.222.00	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.U.	A82018474	FACTURACION TELEFONOS FIXOS CONCELLO DECEMBRO/2013	T00111642013 L0465800	30/12/2013	1.781,57	52			
920.0.222.01	SOCIEDAD ESTATAL DE CORREOS Y TELÉ-GRAFOS, S.A.	ESA83052407	ENVIOS POSTAIS CONCELLO DECEMBRO/2013	4001243247	31/12/2013	1.415,05	22			
920.0.224.00	UNIVERSAL PREVENCIÓN Y SALUD, SOCIEDAD DE PREVENCIÓN, S.L.U.	B-64076482	CUOTA 15 DIAS OUTUBRO ACTIV. TÉCNICA	F13159816ND	17/12/2013	84,7	354			
			CUOTA NOVEMBRO ACTIVIDAD TÉCNICA	F13159817ND	17/12/2013	183,92	359			
			CUOTA DECEMBRO ACTIVIDAD TÉCNICA	F13159818ND	17/12/2013	185,53	356			
			EXÁMENES SAÚDE E SAUDE LABORAL OUTUBRO (15DIAS)	F13160009ND	20/12/2013	78,75	355			
			EXÁMENES SAÚDE E SAUDE LABORAL NOVEMBRO	F13160010ND	20/12/2013	650,00	358			
			EXÁMENES SAÚDE E SAUDE LABORAL DECEMBRO	F13160011ND	20/12/2013	172,50	357			
920.0.226.04	ROSA JUANA LOPEZ GIL-OTERO	36.034.703-M	HONORARIOS REGISTRO PROPIEDAD	1076	24/12/2013	34,95		6,94		
924.1.226.99	RIVEL ANIMACION,	B27787449	DECORACION CON GLOBOS OMIK	15	21/12/2013	229,90	549			

	S.L.U.								
927.227.06	FORNEC. GALEGOS,S.L.	B-15490667	EQUIPOS REPROGRAFÍA E IMPRESIÓN OUBRO	97006192	30/10/2013	1.399,24	370		
	DOCUMENTACION E IMAGEN DEL NOROESTE, S.L.	B36399087	LECTURA DE FOTOCOPIADORAS DEL CONCELLO DO 27/11/13 Ó 27/12/13	V327451	30/12/2013	50,44	34		
132.221.03	SERVICIOS PUENTE LIÑARES, S.L.	B-36170389	COMBUSTIBLE VEHÍCULOS MUNICIPAIS	E3-2828	31/12/2013	694,75	29/14		
134.221.03						112,44			
151.221.03						60,00			
165.221.03						358,77			
171.221.03						44,03			
320.221.03						111,02			
450,0,221.03						197,22			
TOTAL FACTURA						1.578,23			
161,1,221.03	GASTECO, S.L.	B-36464592	COMBUSTIBLE VEHÍCULOS MUNICIPAIS	F3 10311	31/12/2013	142,17	349 / 2014		29,85
162.221.03						5.899,92			
165.221.03						414,80			
450,0,221.03						8.360,66			
TOTAL FACTURA						14.817,55			
TOTAIS €						159.968,68			789,52

(*) CONFORMIDADE : 5-5-2014

2. INDEMNIZACIÓNS POR ASISTENCIAS DOS SRES. CONCELLEIROS A ÓRGANOS COLEXIADOS. (Aplicación 912.233.00)

Asistencias pendentes de liquidar a 31-12-2013

euros / asistencia : 57,70

I.Comisións informativas

II.Organos colexiados doutras entidades.

	I		II		total asistencias	total euros
	2013	2012	2013	2012		
Asorey Brea, Ana	1	0	0		1	57,70
Constenla Carbón, Juan M.	0	0	4		4	230,80
Durán Barros, Oscar A.	2	0	0		2	115,40
Durán Lea, Mª del Carmen	1	0	4		5	288,50
González Rodríguez, Germán	1	0	0		1	57,70
Louzao Vieites, Belén	2	0	4		6	346,20
Maceiras Vicente, Montserrat	0	0	4		4	230,80
Magariños Maceiras, Xosé	2	0	3		5	288,50
Otero Espiño, Manuel	0	0	1		1	57,70
Pais Carbia, María A.	0	1	1		2	115,40
Picaño Riveira, José L.	1	0	0		1	57,70
Rancaño Brañanova, Miguel O.	1	0	0		1	57,70
Sanmartín Obelleiro, Manuel	0	0	3		3	173,10
Seoane Rosende, Lucía	1	0	4		5	288,50
TOTAIS					41	2.365,70

3.- INDEMNIZACIÓNS POR ASISTENCIAS A ÓRGANOS COLEXIADOS E SESIÓNS.- PERSOAL.

APLICACIÓN	TERCEIRO	PERÍODO	DESCRIPCIÓN	IMPORTE €
920.0.233.00	Manuela Corral Martínez	3º cuadrimestre 2013	Comisión de Benestar Social do 4-11-2013	42,83
TOTAL				42,83

4.- GASTOS DE LOCOMOCIÓN (PEAXE E APARCAMENTO)

APLICACIÓN	TERCEIRO	DESCRIPCIÓN	IMPORTE €
230.0.231.20	Manuela Corral Martínez	Asistencia á xuntanza informativa sobre o programa de prevención de desafiuzamentos "Reconduce", na Xefatura Territorial da Consellería de Traballo e Benestar en Vigo	5,40
TOTAL			5,40

5º.- EXPEDIENTE Nº 2/2014 DE RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS.

Sr. Alcalde: Punto número quinto, é o expediente nº 2/2014 de recoñecemento extraxudicial de créditos tamén. Ten a palabra o Sr. Alberto Blanco.

Sr. Blanco Carracedo: Como ben sendo habitual todos estes anos, procedemos ao recoñecemento extraxudicial da dedicación horaria da policía municipal por importe de 28.080 euros.

Sr. Alcalde: Moi ben. Algunha intervención? Pois procedemos a votar. Apróbase por unanimidade.

Sometido o asunto a votación, o Concello Pleno adopta, por unanimidade, o seguinte **ACORDO:**

Vista a incoación do expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos número 2/2014, relativo a unha serie de gastos realizados en exercicios anteriores e non tramitados na súa anualidade orzamentaria.

Visto que no nomeado expediente consta a seguinte documentación:

- Proposta da Alcaldía de data 10-06-2014 sobre cesión horaria para pagamento á Policía Local.
- Providencia da Alcaldía de 17-06-2014.
- Proposta da Alcaldía de 17-06-2014.
- Informe de 17-06-2014 da Intervención municipal, polo que se emite reparo suspensivo ao pagamento das retribucións compensatorias á Policía Local, obxecto da incoación do expediente.

Visto o Ditame pola Comisión Informativa de Facenda e Especial de Contas, adoptado en sesión do 23-06-2014.

E, de conformidade co disposto no artigo 60.2 do R. Decreto 500/1990 de 20 de abril,

ACORDAMOS:

Primeiro.- Levántase o reparo formulado pola Intervención municipal.

Segundo.- Apróbase o expediente número 2/2014 de recoñecemento extraxudicial de créditos por importe global de 28.080,00 euros, a favor do persoal da Policía Local e nas contías individualizadas relacionadas a continuación:

RETRIBUCIÓNS COMPENSATORIAS Á POLICÍA LOCAL

APLICACIÓN	DESCRIPCIÓN	TERCEIRO	IMPORTE
132.151.00	Ano 2013	Coto Cabana, José Luis	1.560,00
132.151.00	Ano 2013	Magariños Camino, Luis	1.560,00
132.151.00	Ano 2013	Sanmartín Fernández, José Manuel	1.560,00
132.151.00	Ano 2013	Cardona Constenla, Rafael Manuel	1.560,00
132.151.00	Ano 2013	Quinteiro Torres, Francisco	1.560,00
132.151.00	Ano 2013	Álvarez Vázquez, José Antonio	1.560,00
132.151.00	Ano 2013	Rey García, José Luis	1.560,00
132.151.00	Ano 2013	Castro Bernárdez, Raul	1.560,00
132.151.00	Ano 2013	García Rosende, Ventura	1.560,00
132.151.00	Ano 2013	García Calvo, Javier	1.560,00
132.151.00	Ano 2013	Rodríguez Chao, Roberto	1.560,00
132.151.00	Ano 2013	Loureiro Rey, José Luis	1.560,00
132.151.00	Ano 2013	Loureiro Carbón, José Enrique	1.560,00
132.151.00	Ano 2013	Campos Villaverde, Santiago	1.560,00
132.151.00	Ano 2013	Gómez Crespo, Pablo	1.560,00
132.151.00	Ano 2013	Fernández Bascuas, Aurelio	1.560,00
132.151.00	Ano 2013	Miguéns Magariños, Javier	1.560,00
132.151.00	Ano 2013	López Louro, José	1.560,00
TOTAL.....			28.080,00

6º.- ADHESIÓN AO INFORME SOBRE A REFORMA DA LOPX E A SÚA INCIDENCIA NA PLANTA E DEMARCACIÓN XUDICIAL ELABORADO POLO ILUSTRE COLEXIO DE AVOGADOS DE PONTEVEDRA.

Sr. Alcalde: O punto número sexto é a adhesión ao informe sobre a reforma da LOPX e a súa incidencia na planta e demarcación xudicial elaborado polo ilustre Colexio de Avogados de Pontevedra. Ten a palabra Sra. Louzao, para defender a súa moción.

Sra. Louzao Vieites: Ben, gracias. En efecto a moción que traemos hoxe aquí arranca dunha iniciativa do grupo municipal socialista na que pedimos centrarnos e falar do tema do partido xudicial en serio, posto que é un tema gravísimo este novo recorte que se está intentando facer do partido xudicial da Estrada. Un recorte que afecta non so aos veciños da Estrada, senón aos veciños dos Concellos de Forcarei e Cerdedo. Polo tanto, uníndonos ao sentir dos cidadáns, pedíannos ao grupo municipal socialista que, como Corporación Municipal, nos achegásemos tamén as corporacións veciñas de Forcarei e Cerdedo para todos xuntos facer máis forza e pedir que se manteña o Partido Xudicial da Estrada e pedir que os servizos da proximidade, da xustiza, non se vaian, non nos obriguen a desprazarnos ao Concello da Pontevedra, desprazarnos á capital da provincia, porque, dende logo, se algo nos iguala a todos debe de ser a xustiza e o acceso en condicións de igualdade á mesma, e dificultar o acceso e dificultar que se poida non so chegar ao rexistro civil, senón tamén os procesos xudiciais cada vez será máis en detrimento da nosa sociedade e concretamente en detrimento das sociedades do rural, onde temos máis difícil chegar por desprazamento á capital da provincia. Por iso, como dicía, no Pleno pasado trouxemos esta iniciativa de reunirmos con Forcarei e Cerdedo para traballar xuntos en conxunto, esta reunión xa se tivo producido e de aí saíu tamén con representantes de abogados e de procuradores apoiar este informe elaborado polo Colexio de Avogados de Pontevedra, un informe no que se pide, non solo o mantemento dos partidos xudiciais, da proximidade dos xulgados á cidadanía, se non

tamén o mantemento das audiencias. Por iso os socialistas pedimos, tal e como acordamos, a adhesión a este informe, e defenderemos tamén que se cumpran e que se manteñan os servizos que se están facendo e, dende logo, con toda a calidade que implica dotalo de medios e dotalo de recursos e de persoal, pero tamén pedimos máis alá e así o manifestamos na Comisión na que tratamos este ...recolla este Acordo que se vai a tomar aquí, agardo que por unanimidade, tal e como se produciu na Comisión, que se recolla e que se de parte a través das certificacións que saian deste Pleno, parte conxunta cos acordos que se fixeron nos concellos veciños de Forcarei e en Cerdedo porque o partido xudicial é importante, non soamente para todos como cidadáns se non tamén para a Estrada como sociedade, porque xenera, é un motor de dinamización económica e social do noso pobo e moitas son as persoas que traballan directa ou indirectamente vinculadas coa xustiza na nosa comarca. Dende logo, apoiar a este sector, apoiar á cidadanía que poida acceder a estes servizos é dende logo apoiar e garantir o futuro do Concello da Estrada. Grazas.

Sr. Alcalde: Moi ben Sra. Louzao. Ten a palabra o Sr. Magariños.

Sr. Magariños Maceiras: Simplemente manifestar a nosa adhesión a este informe e reiterar unha vez mais a necesidade que teñen concellos rurais e pequenos como son os que conforman o partido xudicial da Estrada, de manter servizos esenciais básicos como neste caso é o dereito á xustiza universal, porque se cada vez xa están perdendo máis poboación e os datos estadísticos destes días así o estaban confirmando, si suprimimos servizos esenciais básicos, cada vez, serán o máis parecido a un deserto

Sr. Alcalde: Moi ben Sr. Magariños, menos A Estrada, xa veu vostede que estamos por encima da media de nacementos, cousa que eu felicito aos pais e nais estradenses, que estamos 1,2 fillos por familia cando a media da provincia de Pontevedra é de 1,1, así que creo que é unha boa noticia para seguir traballando nesa dirección. Estou de acordo con vostede en que temos que seguir potenciando.

Sr. Magariños Maceiras: Seguimos sen estar no que se considera número de reposición.

Sr. Alcalde: Temos un crecemento potestativo dexenerativo que é o gran problema que ten esta vila. Ten a palabra Sr. Blanco.

Sr. Blanco Carracedo: Nada máis que engadir e subscribir o manifestado polos portavoces. Declarar a nosa adhesión ao informe elaborado polo Ilustre Colexio de Avogados de Pontevedra.

Sr. Alcalde: Moi ben, pois creo que estando todos de acordo, por unanimidade procedemos logo á votación.

Sometido o asunto a votación, o Concello Pleno adopta, por unanimidade, o seguinte **ACORDO:**

Visto o texto elaborado pola Comisión Permanente do Consello Xeral do Poder Xudicial.

Vistas os diversos acordos adoptado polo Pleno desta Corporación opoñéndose a calquera pretensión de suprimir os actuais Partidos Xudiciais e, en concreto, o Partido Xudicial da Estrada.

Vistas as consultas realizadas aos partidos políticos con representación nos Concellos da Estrada, Forcarei e Cerdedo, así como aos representantes dos Colexios profesionais de Avogados e Procuradores da provincia de Pontevedra.

Vista a proposta do Concelleiro D. Alberto Blanco Carracedo, asinada con data 17-06-2014.

Visto o Ditame da Comisión Informativa de Organización, Persoal e Asuntos Xerais, acadado en sesión do 20-06-2014.

ACORDAMOS:

Primeiro.- A adhesión ao informe sobre a reforma da LOPX e a súa incidencia na Planta e Demarcación Xudicial elaborado polo Ilustre Colexio Provincial de Avogados de Pontevedra.

Segundo.- Aprobar a elaboración dunha proposta conxunta dos tres grupos políticos que forman esta corporación a fin de dar traslado da mesma aos outros dous Concellos do Partido Xudicial e demais instancias.

FÓRA DA ORDE DO DÍA

A) MOCIÓN DO PSdeG-PSOE RELATIVA Á SOLICITUDE Á CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CUTURA E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA PARA O MANTENIMENTO DE TRES GRUPOS EN PRIMEIRO DE PRIMARIA DO COLEXIO PÉREZ VIONDI.

Sr. Alcalde: Antes de pasar á parte de Control da Xestión, non sei se hai algunha moción de urxencia? Ten a palabra Sra. Louzao.

Sra. Louzao Vieites: No día de hoxe nos gustaría traer a debate neste Pleno por urxencia a seguinte moción: Unha moción que xa se tratou tal e como se acordara en Comisión informativa, a pesar de que por tempos debe de vir fóra da Orde do Día. Estamos a falar dunha moción na que solicitamos un acordo desta corporación municipal para apoiar aos pais e nais do Colexio Pérez Viondi na súa loita coa Consellería de Educación para que recoñeza a liña 3 ao centro educativo do Pérez Viondi. Estamos a referirnos en concreto ás aulas de infantil, que saen de infantil e entran en primeiro de primaria, un grupo de alumnos e alumnas que dende o seu momento de iniciación na escolarización o veñen facendo en tres grupos distintos e que entendemos que unha modificación nesta etapa de educacional sobre os grupos da mesma implicaría dalgún xeito unha modificación no seu desenvolvemento educativo. Por iso o apoio a estes pais e nais que entenden que deben de continuar os grupos do xeito que viñan facendo, entendemos que a Consellería pode e debe dotar, conceder ao Colexio Pérez Viondi liña 3, posto que é un centro dotado de estruturas para poder acometer esta educación en tres grupos distintos. É un centro que conta con medios necesarios tanto materiais como humanos para poder continuar esta liña educativa e tamén entendemos, por outro lado, que é o mellor continuar deste xeito a educación deste grupo de rapaces.

Facémonos eco tamén desta moción dunha proposta que fan as ANPAS dos distintos colexios, sobre todo dos colexios do rural, que piden que se realice un estudo sobre a estrutura escolar educativa do Concello da Estrada. Cada ano que comeza un novo curso escolar, unha etapa de matrículas, vemos como hai centros que teñen unha maior dificultade para acadar o nivel de matrícula, vemos como a demografía da que falamos fai un momento o Sr. Magariños e o propio Alcalde, non axuda ao aumento de cativos e cativas, sin embargo o

que debemos facer e intentar maximizar e eficiencia dos recursos que temos no noso concello. Temos distintos centros, contamos con medios para poder dar unha educación adecuada e de calidade ao futuro da Estrada e, polo tanto, entendemos que pedir á Xunta que faga este informe sería de interese para todos e para todas e para despois poder ver si se pode ser mais eficiente no reparto educativo do alumnado estradense. Por iso, como dicía, entendemos que é urxente tratar esta moción porque está a piques de comezar o vindeiro curso escolar. Cremos que é o momento adecuado para garantir o mantemento da liña 3 no colexio Pérez Viondi e para facer este estudio de cara ao curso que ven. Por iso traemos esta moción, insisto, consensuada na Comisión deste xeito. Grazas.

Sr. Alcalde: Moi ben Sra. Louzao. Algunha intervención? Ten a palabra Dna. Amalia Goldar, Concelleira de Educación. Si Sr. Magariños.

Sr. Magariños Maceiras: Simplemente alegrarnos que chegásemos, de maneira moi fácil por certo, a un consenso as tres forzas políticas. Cada quen fixo alí as súas aportacións no que respecta á terceira liña no colexio Pérez Viondi, é un sin sentido. Tendo recursos técnicos e humanos non aproveitálos para ter unha mellor calidade do ensino, como é neste caso no colexio Pérez Viondi, e por outro lado, o que eu comentaba nesa Comisión, a necesidade de que se aborde a zonificación do mapa escolar estradense. Non podemos seguir tendo esa disparidade de matrículas nos centros e non podemos seguir tendo desprazamentos excesivos para moitos rapaces en autobús cando teñen colexios que teñen falta de matrícula mais próximos ao seu domicilio. Apuntaba nesa Comisión e recolleemos na moción conxunta, é un traballo que ten que facer a Consellería de Educación, para iso ten os recursos e son a súa competencia. Non é competencia do Concello, pero si é competencia do Concello obrigar dalgún xeito á Consellería a que realice as súas funcións e o seu traballo e deixe de seguir botando balóns fóra e pedindo consensos. O consenso terá que ser en base a algo. Primeiro que a Consellería presente a súa proposta de zonificación á comunidade escolar e ao Concello, ao Pleno neste caso, e a partir de aí se poden buscar consensos e chegar a acordos.

Sr. Alcalde: Moi ben Sr. Magariños. Ten a palabra Dna. Amalia Goldar, Concelleira de Educación

Sra. Goldar Cora: O grupo de goberno, neste asunto, como ben din os portavoces dos demais grupos, dende logo, como ben demostrando, sempre do lado da educación pública nos nosos centros, apoiamos, sen ningún tipo de dúbida a moción que neste caso xa viña máis ou menos planeada, tratada cos demais grupos políticos, entendendo que a Consellería ten a deferencia de intentar manter esta liña 3 no Pérez Viondi e, ao mesmo tempo, como ben dicimos na reunión que previamente xa se tivo desde o grupo de goberno cos directores dos IES e dos CEIPS onde cada un expuxo as súas preocupacións do seu propio centro, e alí onde cada un puxo de manifesto o punto de partida para lograr nun futuro unha organización adecuada e xusta á realidade da Estrada, sería facer ese estudio que nos permita que os centros sigan funcionando, que os rapaces poidan matricularse coa liberdade dos pais aproveitando os medios e os recursos que temos educativos no Concello da Estrada. Moitas grazas.

Sr. Alcalde: Moi ben, pois creo que satisfeitos tódolos grupos polo acordo ao que se chegou, procedemos á votación desta moción, en primeiro lugar a urxencia e despois a votación sobre o fondo da cuestión.

Sometida a urxencia da asunto a votación, esta é aprobada por unanimidade.

Sometida Moción a votación adóptase, por unanimidade, o seguinte **ACORDO:**

Vista a Moción presentada polo grupo municipal do PsdeG-PSOE presentada con data 23-06-2014 (RE nº 7881).

Visto que a educación é un dereito fundamental recollido na Constitución Española, que ten como obxecto o pleno desenvolvemento da personalidade humana, sendo obriga das administracións competentes facer todo o posible facilitar unha educación da maior calidade posible.

Visto que o Colexio Pérez Viondi contou no actual curso escolar 2013/2014 con tres aulas de Infantil de 5 anos.

Vista a intención da Consellería de Educación, Cultura e Ordenación Universitaria de fusionar no vindeiro curso académico 2014/2015 en dúas as aulas de primeiro de Primaria suporá un agrupamento do alumnado que é susceptible de prexudicar a calidade da educación posto que necesitaría dun período de adaptación dos grupos, así como de novo traballo para adaptar o ritmo de aprendizaxe dos mesmos.

Visto que esta redución de grupos xera un profundo descontento na comunidade educativa do Colexio Pérez Viondi.

Visto que é importante non alterar os grupos para acadar os obxectivos curriculares fixados para o alumnado.

Visto que, dende o inicio da escolarización do alumnado afectado, sempre se mantiveron 3 gruposo no centro ed que o Colexio está dotado para manter a liña 3, tanto a nivel de infraestruturas como de servizos de atención.

Visto o Ditame acadado pola Comisión Informativa de Educación, Cultura e Deportes en sesión do 30-06-2014.

ACORDAMOS:

Instar á Consellería de Educación Cultura e Ordenación Universitaria para:

1º.- Autorizar o mantemento de tres grupos en primeiro de Primaria do Colexio Pérez Viondi, concedendo liña 3 ao centro educativo.

2º.- Realizar un análise da estrutura educativa en relación coa demografía estradense, a prol dunha maior eficiencia en canto á asignación de matrícula aos distintos centros escolares do Concello da Estrada, na procura dunha mellora na distribución do alumnado, que se debería completar cun estudo das rutas dos autobuses escolares.

B) MOCIÓN DO PSdeG-PSOE RELATIVA RELATIVA Á PARALIZACIÓN DA LIQUIDACIÓN IBI URBANO 2014 CON RESPECTO AOS PROPIETARIOS DE PARCELAS NO POLÍGONO DO MOBLE DE LAGARTÓNS

Sr. Alcalde: Non sei se hai algunha outra moción de urxencia?. Ten a palabra Sra. Louzao.

Sra. Louzao Vieites: Nos gustaría traer tamén unha segunda moción de urxencia. Neste caso, ao ser de urxencia, pasamos copia á Secretaria, é unha moción en relación á aplicación, da aceptación da sentenza do Tribunal Supremo do 30 de marzo de 2014, unha sentenza que fala sobre o cobro do IBI urbano, solos que a pesar de ter esta catalogación, non teñen sido desenvolvidos. É unha moción que no noso concello está plenamente de actualidade, posto que si ben xa foi tratado este asunto en distintas ocasións, incluso nesta mesma sede se tratou a petición dos veciños e veciñas afectadas e incluso dos distintos partidos da corporación na oposición, vemos como agora

se traslada o que se solicitou antes e non foi concedido, se traslada agora e en realidade, sentenza de obrigado cumprimento para os distintos concellos. Por iso pedimos hoxe nesta moción e xustificamos a urxencia antes de nada para que o Sr. Alcalde non me diga que non fale da urxencia, en que o recibo do IBI urbano ven agora no verano, están a punto de ser recibidos nas casas, polo tanto pedimos que se dean conta desta necesidade de tratar a urxencia desta moción en atención a eses veciños e veciñas que, en vista de expectativas, están paralizadas, obrigados a soportar costes fiscais de xeito indefinido que nos lles corresponde segundo a sentenza xudicial.

Sr. Alcalde: Bueno, agora si que nos vamos a encontrar con un problema, porque aquí, como todo o mundo se quere apuntar o tanto, eu creo que o BNG tamén quere presentar unha moción de urxencia en relación a esta cuestión, e o tema é que ao andarse apuntando tantos é o que ten, cada un quere correr mais ca o outro e deixarnos fora de xogo, andan pelexando PSOE e BNG por intentar levar o gato á auga. Neste caso van a ter un problema, porque as mocións van a ser algo distintas e eu creo que, tendo en conta que é unha cuestión urxente, e tendo en conta ademais e nos consta que existe un documento presentado por rexistro de entrada por parte dalgúns veciños en relación aos propietarios da cidade do mobile, creo que de forma moi intelixente toman a decisión de presentar este escrito onde realmente lles corresponde que é no catastro e a atención do xerente do catastro, que é quen ten que resolver esta cuestión, me parece que ben asesorados e de forma intelixente fan esa xestión e presentan esa toma de razón, e como mostra dese trámite, outro escrito no Concello para dar conta da presentación ante o catastro, creo que ese é o camiño a seguir, me parece adecuado e eu creo que aquí o que debemos é reivindicar que o propio catastro se pronuncie de forma urxente en relación ao escrito presentado polos veciños, e é unha opinión deste grupo maioritario e que sexa e salga deste Pleno o compromiso formal da paralización dos recibos e que o catastro resolva de forma urxente esta cuestión antes de que se emitan os novos recibos de contribución. Me parece a forma máis adecuada, pero como creo que hai outra moción, votamos a urxencia se queren e despois debatimos sobre o fondo da cuestión, que eu creo que non debería haber maior problema para chegar a acordo nesa liña. Non sei se ten algunha cuestión en relación á urxencia o Sr. Magariños.

Sr. Magariños Maceiras: É coñecido, entre outras cousas, porque o presentei por rexistro esta mañá, a moción para tratar por urxencia este mesmo tema. Eu creo que se pode chegar a unha unión das dúas, non sei a argumentación que fai o grupo socialista pero bueno, supoño que será mais ou menos a mesma, porque as dúas se basan no que é o escrito dos veciños que se basa nunha sentenza que ditou o Tribunal Supremo respecto a un litixio que presentaron uns veciños de Badaxoz nunha situación similar aos afectados pola cidade do mobile, solo que nese caso, era unha clasificación como solo urbano vinculado ao solo do que é a cidade de Badaxoz, e aquí neste caso sería un polígono industrial, pero a situación é claramente a mesma, co cal, ao final, ao ORAL non lle vai quedar mais remedio que acatar porque, entre outras cousas, esta sentenza crea xurisprudencia e así o recoñece a sentenza e entón, sería absurdo que se emitiran os recibos e despois que haxa que devolvelos e cos respectivos intereses que xurdan por un cobro indebido, co cal eu creo que é fácil chegar a un acordo entre as dúas forzas, espero que entre as dúas mocións ou un acordo conxunto das dúas forzas. A nós danos exactamente igual.

Sr. Alcalde: Moi ben, pois si lles parece votamos a urxencia. Aprobamos por unanimidade a urxencia e agora se queren entramos no fondo da cuestión. Ten a palabra Sra. Louzao.

Sometida a urxencia da asunto a votación, esta é aprobada por unanimidade.

Sra. Louzao Vieites: En efecto, non temos problema en que a Corporación cheguemos a un acordo ao respecto, é máis, consideramos que é necesario facelo, posto que cando foi no 2012 non se chegou e posto que de 3 houbo un que non quixo, é dicir, esta reclamación xa ven sendo de sentido común e parece ser que, neste momento, o sentido común o pon neste caso o Supremo ditando xurisprudencia con esta sentenza. Unha sentenza que recoñece, efectivamente que se debe de interpretar que un terreno, a pesar de estar catalogado como urbanístico, non se debe considerar como tal ata que esté en vías de execución ou de desenvolvemento do mesmo. Por iso entendemos e non vemos ningún problema en chegar a acordo e penso que todos temos coñecemento e todos temos falado cos afectados e coas afectadas ou mais ben eles connosco na maioría dos casos e, polo tanto, lamentamos que o Sr. Alcalde diga que os partidos intentamos sumar tantos cando en realidade el fixo o mesmo dicindo que xa estaba sobre o asunto, resposta por outro lado, que xa coñecen os veciños, desde o 2012.

A nosa moción é moi sinxela, penso que está aí enriba da mesa para falar e para acordar, pero penso que, si ben o catastro ten a súa responsabilidade para asumir e acatar esta sentenza, tamén o Concello da Estrada, porque en última instancia, é o responsable da política fiscal do Concello e, polo tanto, o responsable no imposto de bens urbanos. Por iso a nosa moción pide que o Concello da Estrada se dirixa ao ORAL, como organismo encargado da liquidación e da recadación do IBI do Concello da Estrada por encomenda do Concello, para que paralice a liquidación do 2014 aos veciños que teñen recoñecido o seu dereito mediante esta sentenza. E que dea inicio xa no 2014 á adaptación das correspondentes liquidacións. Pedimos tamén que o Concello dea indicacións ao ORAL para que efectúe unha liquidación compensatoria aos propietarios das parcelas afectadas pola citada sentenza, procedéndose a integrar os saldos indebidamente cobrados nos anos 2012 e 2013. Insistimos, non por estar xa avisado e reclamado en distintas ocasións, non deixa de ser menos xusto que se faga. Por iso pretendemos que sexa de inmediato, que esta sentenza de obrigado cumprimento ditada polo Supremo se aplique de xeito inmediato e se empece a contar no 2014 e se apliquen as dacións compensatorias. Moitas grazas.

Sr. Alcalde: Moi ben Sra. Louzao, Sr. Magariños.

Sr. Magariños Maceiras: Nós o que solicitamos é que se proceda á revogación dos recibos do IBI, da urbana correspondentes ao exercicio 2014 das fincas situadas na cidade do moble e instar á Xerencia Territorial do Catastro que proceda á nulidade de edificación a efectos catastrais como solo de natureza urbana situada na cidade do moble en aplicación da sentenza do Tribunal Supremo 159/2014, do 30 de maio de 2014, que como ben dixeran, sentenza que lle da a razón aos demandantes da cidade de Badaxoz, que se atopan nunha situación similar aos veciños de Lagartóns, onde a sentenza ven a dicir que non se lle pode repercutir unha calificación dun terreo cando non existe instrumento de desenvolvemento aplicado ou, como outra cuestión que tamén vale para aplicar a outras situacións non so á Ponte Liñares, é que non se lle pode repercutir dentro do imposto de bens inmoebles un valor superior ao que é o valor de mercado, que neste caso é o que están sufrindo os veciños afectados con propiedades na cidade do moble. Lóxicamente o valor que se lle está repercutindo neste momento non hai nadie no

mercado que vaia a comprar iso porque aí o único que hai é monte e nada máis. Non hai ningún terreo industrial.

Sr. Alcalde: Creo que estamos de acordo en moitas cuestións. Hai que matizar algunha porque sempre é bo, non quero polimizar en este tema, hai cousas que, ao mellor ás veces por repetilas moitas veces unha mentira se convirte nunha verdade, e hai que deixalo ben claro. Esta cuestión non é do ano 2012, a ponencia de valores que se fai na cidade do moble aprobouna o seu goberno Sra. Louzao, en maio de 2011 sendo goberno da Estrada o PSOE e o BNG. Aprobárona a ponencia que da os valores catastrais á cidade do moble, o seu goberno, non este goberno. Este goberno o que fixo, tan pronto tomou posesión, unha das primeiras actuacións foi presentar un recurso ante o catastro para intentar variar as valoracións efectuadas no proxecto da cidade do moble, aprobada a valoración catastral polo seu goberno, non por este. Dato importante, non vaia ser que ao mellor alguén pense que foi este goberno o que fixo a valoración que despois dou efecto aos cobros do recibos do IBI. Partindo desa cuestión, que creo que é importante destacala para que nadie se leve a engaños, partindo diso nós lle dicimos que ogallá esta sentenza sexa extrapolable ao proxecto da cidade do moble e nós vamos apoiar a iniciativa e xa o repetín antes, porque vostedes erran o tiro na súa moción. Non é competencia en absoluto, en todo este proceso, nada que teña que ver co ORAL. Sabe vostede que o ORAL é o organismo de recaudación das administracións locais e recauda sobre os valores catastrais establecidos polo Ministerio de Facenda. Polo tanto a quen ten que ir dirixido, como ben fixeron os representantes dos veciños da cidade do moble, a quen ten que ir dirixido o noso acordo é ao Ministerio de Facenda, ao propio organismo que xestiona, que neste caso é a Dirección Xeral do Catastro en Pontevedra e ao seu xerente e ante a Xerencia do Catastro, o escrito presentado por estes veciños, levar o apoio do Pleno para que no prazo máis urxente posible se posicione o catastro sobre asimilación desta sentenza ao caso da cidade do moble e, de ser así, que se apliquen os valores rústicos aos inmobles que agora están clasificados como urbanos e, polo tanto, no recibo da contribución, os recibos do IBI veñan como recibo rústica e non como recibo urbana. Ese é o procedemento, vostedes poden rizar o rizo, que llo mandemos ao ORAL, que llo obliquemos a cambiar, que si a Deputación, que si o Concello... o que vostedes queiran, iso é enganar e dar voltas a un tema que non ten sentido ningún. O percorrido está iniciado polos veciños e creo que o acordo que debemos de establecer aquí, si queremos realmente axudar a estes veciños no camiño que iniciaron na reclamación contra o catastro que é o organismo competente nesta materia, e dicirlle que resolvan canto antes e instar ao ORAL a que paralice os recibos mentres o Catastro non resolva a cuestión de asimilar o caso da Estrada da cidade do moble á sentenza do Tribunal Supremo. Se é así, por suposto contarán co noso apoio e coa nosa perseverancia para conseguir ese obxectivo o antes posible e antes da libranza dos novos recibos da contribución, que poida estar resolta esta cuestión pola xerencia do catastro.

Non sei se hai algunha outra cuestión? Moi ben, pois acordamos por unanimidade, polo tanto, instar ao catastro a que resolva de forma urxente o escrito que se ten presentado polos veciños en representación dos propietarios da cidade do moble para asimilar a sentenza do Tribunal Supremo ao caso do proxecto da cidade do moble en canto á súa valoración como solo rústico e instar ó ORAL a que paralice a emisión dos recibos mentres non exista unha resolución expresa por parte do catastro en relación a esta cuestión. Están de acordo?

Sra. Louzao Vieites: Engadir simplemente, si se considera pertinente e nós así o consideramos, un terceiro punto onde se indique ao ORAL que se proceda, tan pronto sexa efectiva ese

informe, a practicar as liquidacións compensatorias, que non teñan que solicitálo, se non que se proceda a facelo.

Sr. Alcalde: Moi ben, pois incorporamos como terceiro punto que, no caso no que o catastro asimile eses solos a solos rústicos, instar ao ORAL a que aplique posteriormente con efecto retroactivo esa clasificación de solo rústico aos recibos xa emitidos no ano 12 e 13. Pois en esa liña votamos esa cuestión. Apróbase por unanimidade.

Sometida Moción a votación adóptase, por unanimidade, o seguinte **ACORDO:**

Vista a Moción achegada polo grupo municipal do PsdeG-PSOE, asinada con data xullo de 2014.

Vista a Setenza do Tribunal Supremo de 30 de maio de 2014 (recurso 2362/2013), a cal impide cobrar o IBI urbano en solo que, pese a ter catalogación, non teña sido desenvolvido.

Visto o Proxecto Sectorial do Polígono do Moble de Lagartóns que, segundo as últimas informacións publicadas no medios de comunicación (setembro 2012), atópase paralizado no seu desenvolvemento. Sendo a Resolución do 25-02-2011 pola que se fai pública a aprobación definitiva e as disposicións normativas do proxecto sectorial da Cidade do Moble da Estrada, o último procedemento realizado ao respecto.

Visto que, a pesares da solicitude de exención temporal realizada en febreiro de 2012 polos propietarios dos terreos afectados, e reiterada mediante solicitude de anulación en agosto de 2012, o Concello da Estrada realiza dende 2012 liquidacións de IBI urbano aos titulares dos terreos afectados.

Vista a inxustiza que supón a liquidación do IBI urbano a estes propietarios, posto que as potenciais expectativas urbanísticas do proxecto están paralizadas dende a Xunta de Galicia, entidade promotora do mesmo, supoñendo ás persoas afectadas a obriga de asumir uns elevados custes fiscais de xeito indefinido que, tal e como sentenza o Tribunal Supremo, non lles corresponde.

ACORDAMOS:

1º.- O Concello da Estrada asume e acata a Setenza ditada polo Tribunal Supremo de Xustiza, en relación ao IBI urbano en parcelas nas que non se ten iniciada a fase de desenvolvemento.

2º.- O Concello da Estrada dirixirá iniciacións ao ORAL, como organismo encargado da liquidación e recadación do IBI no Concello da Estrada, para que paralice a liquidación de 2014 aos veciños que ven recoñecidos os seus dereitos mediante esta Sentenza do Tribunal Supremo, e dea inicio á adaptación das correspondentes liquidacións de 2014.

3º.- O Concello da Estrada procederá a dar indicacións ao ORAL para que efectúe unha liquidación compensatoria aos propietarios de parcelas afectadas pola citada Sentenza, procedéndose a reintegrar os saldos indebidamente cobrados nos anos 2012 e 2013.

4º.- Instar a Xerencia Territorial do Catastro de Pontevedra (con enderezo en R/ Andrés Murais nº 4 – 36071 Pontevedra), que resolva de forma urxente a reclamación presentada polos veciños.

5º.- Instar ao ORAL para que sexa efectivo o cumprimento deste Acordo.

Sr. Alcalde: Non sei se hai algunha outra moción de urxencia?

B) PARTE DE CONTROL DA XESTIÓN

7º.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 2 E O 30 DE MAIO DE 2014.

Sr. Alcalde: Moi ben pois dentro da parte de Control da Xestión, o punto numero 7, dación de contas das Resolucións da Alcaldía ditadas no período comprendido entre o 2 e o 30 de maio de 2014.

Polo Sr. Alcalde dáse conta das Resolucións da Alcaldía ditadas no período comprendido entre o 2 e o 30 de maio de 2014, ambos os dous incluídos.

A Corporación queda sabedora.

8º.- ROGOS E PREGUNTAS.

Sr. Alcalde: Punto numero 8, Rogos e Preguntas. Hai algunha cuestión? Ten a palabra Sra. Louzao.

Sra. Louzao Vieites: Estando todavía en hora, Sr. Constenla, vamos a facer un rogo, que neste caso lle afecta non sei se a vostede, se a Sra. Seoane, se a Sra. Pais, se a Sra. Carmucha, perdón non recordo o apelido, se o Sr. Nemesio. Non o sabemos, pero nolo trasladan os veciños de Vinseiro e nos din que solicitemos que, de xeito inmediato, se proceda a desbrozar unhas pistas que están en acceso ao lugar de Godoy, por terreos agrícolas e forestais, unha pista pola que discurre ao longo tamén a presa de auga da propia aldea, auga que utilizan todos os veciños e veciñas da aldea nos seus terreos e que cremos que xa foi solicitado en distintas ocasións ao largo destes tres anos de lexislatura e que, polo tanto, entendemos que se debe facer porque é necesario e urxente acometer este desbroce. Como dicimos, xa non solo para o servizo das veciñas e veciños, se non pola proximidade tamén á propia aldea e polo tema da auga, posto que é unha auga que empregan os veciños de todo o lugar. E ao Sr. Constenla lle toca máis directamente porque, o mesmo que hoxe nós nos personabamos alí cos veciños que nos pedían que fixésemos este rogo, penso que estando nós alí contactaron telefónicamente con el dicíndolle que levaban xa tres anos intentando que se acometera este desbroce. Polo tanto, rogamos neste pleno que se atenda esta solicitude dos veciños de Godoy.

Sr. Alcalde: Moi ben, pois atendendo eses rogos, sabe que ademais precisamente o Concelleiro estivo hoxe falando cos veciños como vostede apuntaba e de feito as máquinas están alí desbrozando, así que....

Sra. Louzao Vieites: Tal e como lle trasladou o condutor do tractor aos veciños, están desbrozando para a festa e solo as asfaltadas. Home tamén xa que está alí vamos a ser eficientes extendámolo tamén e acometamos este rogo.

Sr. Alcalde: Sabe vostede que sendo tradición neste Concello, sempre no verán nos dedicamos as pistas asfaltadas en torno ao campo da festa, no inverno se lle cortou ás pistas en terra que quedaron sen desbrozar desde fai 20 anos que nunca se lle tocou. Se lle conto eu a cantidade de miles de pistas que hai na Estrada que vostedes nin sequera lle tocaron cunha desbrozadora, pistas de terra, efectivamente, que dan acceso a servizos e a fincas e que evidentemente hai que ir por prioridades. Temos 51 parroquias, hai máis de 80 festas no verán, temos que chegar a tódalas parroquias

para ter todo desbrozado os días das festas e, sabe vostede, que no verán é moi difícil poder chegar a tantas pistas asfaltadas como aos campos das festas e como ás pistas de terra. Tendo en conta esta cuestión, o propio Concelleiro xa me contaba que se comprometeu e así lle dou a orde ao propio condutor do tractor que nestes días faga a correspondente desbroce desa pista e posteriormente á limpeza da presa que solicitaban os veciños. Algunha outra cuestión?. Sr. Magariños.

Sr. Magariños Maceiras: Vou empezar co ultimo rogo que teño que xa llo trasmitín ao Sr. Constenla que se acaba de ir, un rogo que me acaba de chegar agora por wassap, é o que ten a tecnoloxía, que é a pancarta que se pon habitualmente para indicar as festas de Sabucedo, que non está colocada, que se coloque. Xa é coñecido polo concelleiro, xa que iba para alá.

E despois, unha serie de rogos: un é, como estamos a falar agora, o tema dos desbroces do rural, está claro que o criterio que se segue que para desbrozar so en vésperas das festas, non é suficiente. Hai cruces que presentan un auténtico perigo para a circulación, que non se ve. Somos conscientes de que A Estrada ten centos ou miles de quilómetros, e hai anos como este nos que a climatoloxía axudou a que a herba medrara en abundancia. Hai un dito popular que non vou a repetir aquí,... entón está claro que hai que cambiar o criterio porque non é suficiente solo desbrozar en vísperas de festa. Fágolle o rogo de que cambien este criterio de desbroce.

Outro dos rogos, é o que nos fan chegar veciños da Ribeira, en Santo André de Veá, que hai unha farola rota, ten o foco roto, que se repoña este foco. Por outro lado, que no campo da festa da Gándara...

Sr. Alcalde: Perdón Sr. Magariños en San Andrés de Veá, en?

Sr. Magariños Maceiras: Na Ribeira. Despois no campo da festa da Gándara, en Santa Cristina de Veá, hai varias luces apagadas, que se proceda ao seu encendido. Non sei se é das últimas dun plan de apagado.

E despois outro rogo, todos somos coñecedores da nova área de aparcamento detrás do coñecido como a Casa das Letras, pero todos somos conscientes de que hai unha liña continua que impide aparcarse nos dous sentidos en dirección Lalín-Pontevedra ou saír na mesma dirección. Permite aparcarse nos dous sentidos en dirección Pontevedra-Lalín e saír Pontevedra-Lalín. Todos os usuarios se saltan á torera esta raía continua. Que se avise ao Ministerio de Fomento para que se trace unha liña descontinua neste punto e permita o acceso a ambos os dous sentidos para o parking.

Tamén dirixirse ao Ministerio de Fomento que, neste caso, estaría ben poñerse de acordo co Concello de Cuntis, tamén gobernado polo Partido Popular, para que se mellore o firme da N-640 entre o Alto da Cruz e o cruce do empalme de Novas, porque aquilo presenta un estado.... supoño que, como sabe o Sr. Alcalde porque ten que ir habitualmente a Pontevedra, cada día que pasa aquilo está peor. Para a seguridade da circulación é bastante perigosa.

E por outro lado, me transmiten desde os traballadores dos servizos de incendios, dos servizos de emerxencias, que solo poden acceder a botar combustible na gasolinera San Paio. Hai unha sinal na rotonda de Figueroa que impide a vehículos de certo peso coller esa dirección, entón indicar nesa sinal que agás vehículos de emerxencia, din que están indo habitualmente, que a policía municipal fai a vista gorda pero pode darse o caso de que non a fagan. Entón, simplemente que se indique alí "agás vehículos de emerxencia", que si poderían circular hacia esa gasolinera. E pola miña parte nada mais.

Sr. Alcalde: Moi ben Sr. Magariños, tomamos cumprida conta dos seus rogos, en canto ao tema de alumeadado público daremos conta de inmediato aos servicios e ao persoal funcionario desta casa para que procedan a ver esas cuestións.

No que respecta a Fomento, lle informo que mañá mesmo, ás once e media da mañá, teño unha reunión prevista co xefe de demarcación de carreteras de Pontevedra. Vamos a analizar varias cuestións, unha delas é esta a da saída do parking da Casa das Letras. Temos mais que ese problema, temos o problema de que os vehículos aparcen moi cerca e non hai visibilidade para a saída e vamos a ver como podemos correxir esa cuestión, incluído tamén o cruce á esquerda que está cunha liña continuada a ver se somos capaces de poder resolvelo mañá alí.

O tema do firme de Castroloureiro, sabe vostede que en dous anos foi efecto de dous ou tres rebacheos que se fan cunha limpeza da vía e un bacheo superficial pero que, evidentemente, a carretera necesita de forma urxente unha mellora de firme e tamén así llo trasladaremos e lle anuncio tamén que esa reunión é tamén motivada pola proposta que o Concello lle vai a levar a Fomento en relación do ámbito, que xa sei que tanto lle gusta a vostedes, da Baiuca que é onde vamos a intentar acometer o primeiro proxecto social vinculado a esa zona que ven derivado da construción do novo campo de fútbol na zona deportiva, que tanto lles gusta a vostedes tamén. Pois esa construción dese novo campo de fútbol pagado pola Deputación de Pontevedra nos vai a permitir liberar 20.000 m2 na Baiuca, e eses 20.000 m2 a primeira actuación que temos prevista nela vai a ser a construción, se é posible, da nova gardería infantil. E para iso lle levaremos unha proposta de ordenación detallada do ámbito da Baiuca, deses 20.000 m2, cunha apertura dun novo vial para intentar distribuír os espazos interiores que entroncará na carretera nacional. Lle levaremos unha proposta feita polos técnicos municipais para ver si conta co seu visto bo para poder iniciar xa de inmediato o desenvolvemento do estudo de detalle do solo dotacional da Baiuca para reconvertilo nesa gran zona de espazos de servicios públicos do Concello da Estrada. Así que mañán ás 11:30 h teremos esa reunión co xefe de demarcación de carreteras e demarcaremos todos estes asuntos, moitos deles os que vostede apunta con moito acerto.

E o tema do cambio na sinal de vehículos de emerxencia supoño que se refire vostede aos vehículos de incendios de Medio Rural e consultaremos e lle daremos traslado á policía para que poñan unha sinalización de excepto vehículos de emerxencia.

Sr. Magariños Maceiras: A policía local nunca lle puxo impedimento, sempre fixeron a vista gorda pero pode darse o caso de que alguén non a faga. Realmente estase a incumplir a lei.

Sr. Alcalde: Moi ben. Non sei se hai algún rogo ou algunha pregunta? Pois dentro do Regulamento de Participación Cidadá calquera persoa do público que queira intervir, pode tomar a palabra neste momento, presentando o DNI, identificándose e se quere facer algún rogo, algunha pregunta ou algunha cuestión. Se non, agradecendo a súa presenza e dándolle as grazas polo seu excelente comportamento levantámola sesión. Moitas grazas.

Non habendo máis intervencións por parte dos Concelleiros, nin por parte do público asistente, levántase a sesión ás vinte e unha horas corenta minutos.

A Estrada, 5 de xuño de 2014

A SECRETARIA EN FUNCIONES,

Asdo.: M^a Jesusa Fernández Bascuas